

**III CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO:  
“XOGO TRADICIONAL, DEPORTE TRADICIONAL E  
EDUCACIÓN”**

**Melide, 21 e 22 de outubro de 2011**

**MEMORIA DA ACTIVIDADE**

**1. Xustificación da actividade.**

Xogo de tradición cultural, xogo tradicional, xogo popular... é aquel xogo nacido no seo dunha determinada comunidade para dar satisfacción ás súas necesidades lúdicas, necesidades inevitablemente marcadas polo seu modo particular de vida. Os xogos tradicionais forman parte da cultura da comunidade en cuestión como creación propia e singular e son transmitidos de xeración en xeración, de pais a fillos, de avós a netos, implicando esta transmisión unha interrelación entre persoas adultas e nenos/as dun grande valor educativo.

O pobo galego foi quen a crear infinidade de maneiras de dar resposta ás súas propias necesidades lúdicas, ao tempo que tamén tivo a capacidade de transmitir esas creacións ás novas xeracións. O patrimonio lúdico galego é un dos máis ricos da Península Ibérica, e o proceso de recompilación e de divulgación dos xogos tradicionais galegos colleu certa forza nas últimas décadas pois, ademais de teren aparecido estudos que catalogan e analizan os xogos galegos, téñense posto en marcha iniciativas de recuperación desde moi variadas perspectivas, pero sobre todo desde o ámbito escolar.

No ano 2009, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional e Nova Escola Galega organizaron en Melide unha actividade de formación que pretendeu achegar o estudo do patrimonio lúdico ao ámbito educativo. A resposta obtida por aquela convocatoria téndose esgotado todas as prazas ofertadas, provocou que se concibise unha segunda edición do Curso no ano 2010, daquela centrada máis especificamente nalgunhas didácticas específicas, pero na que non se esqueceron perspectivas máis globais –institucións europeas, universitarias, gobernos locais, ámbitos empresarial...– co obxectivo de ir construíndo unha visión o máis completa posible dos procesos de recuperación dos patrimónios lúdicos nacionais.

A terceira edición da actividade, a do ano 2011, pretende xustamente afondar nalgúns aspectos apenas bosquexados nas precedentes, ao tempo que opta por reservar espazos específicos para o coñecemento e a reflexión sobre algúns deportes tradicionais galegos. Precisamente para a práctica dalgunhas destas modalidades deportivas contarase cos propios xogadores-protagonistas da súa recuperación.

**2. Os obxectivos da actividade.**

O Curso perseguía, en esencia, os obxectivos que se enumeran a seguir. O seu grao de cumprimento será analizado máis abaixo:

1. Achegarse á cuestión do xogo tradicional desde unha óptica global, atendendo aos procesos de recuperación do patrimonio lúdico que se están desenvolvendo desde diferentes ámbitos.
2. Analizar o xogo tradicional como manifestación cultural, e en especial o seu papel específico na construción da identidade.
3. Poñer en común a función do xogo tradicional na educación e as estratexias de introdución do patrimonio lúdico galego no ámbito escolar.
4. Investigar posibles estratexias de recuperación do patrimonio lúdico galego desde o ámbito dalgunhas didácticas específicas e valorar o seu papel no desenvolvemento dos procesos educativos.
5. Practicar unha importante batería de xogos e deportes de diferente tipoloxía e poñer en común variantes das modalidades propostas, e mesmo outras diferentes.

### **3. Profesores e profesoras participantes na actividade.**

Asistiron un total de 68 profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

### **4. Relatores/as participantes na actividade.**

No desenvolvemento do Curso participaron os seguintes relatores/as:

- Ángel López Eiriz, mestre de ensino primario.
- Antón Cortizas Amado, mestre, escritor e investigador do patrimonio lúdico.
- Apolinar Graña Varela, investigador da Universidade da Coruña.
- Cédric Fabien Bouchard, empresario.
- Celso Fernández Sanmartín, narrador oral.
- Constantino Arce Fernández, profesor da Universidade de Santiago.
- Fernando Pereira Fernández, profesor de ensino secundario.
- Gloria Rodríguez Íñiguez, profesora de ensino secundario.
- Jorge Mato Porto, membro do Club de Loita Tradicional *A Cambadela* – A Estrada.
- Juan José García Rodicio, profesor de ensino secundario.
- Lidia Barreiro Felpeto, profesora de ensino secundario.
- M<sup>a</sup> Belén Novo Sánchez, mestra de ensino primario.
- M<sup>a</sup> Luísa Martínez Vidal, mestra de ensino primario.
- M<sup>a</sup> Luz Guerreiro Castro, profesora de ensino secundario.
- M<sup>a</sup> Pía Outeiriño Calle, profesora de ensino secundario.
- Manuel Rodríguez Vázquez, artesán.
- María Dolores Candedo Gunturiz, profesora da Universidade da Coruña.

- Moisés Iglesias González, presidente do Club de Loita Tradicional *A Cambadela* – A Estrada.
- Natalia Val Guerreiro, profesora de ensino secundario.
- Rosa M<sup>a</sup> Vicente López, mestra de educación infantil.
- Severino Gómez Neira, membro do Club de Loita Tradicional *A Cambadela* – A Estrada.
- Xosé Luís Castro Blanco, profesor de ensino secundario.
- Xosé Manuel Barreiro Insua, profesor de ensino primario.
- Xulio Pérez Pérez, profesor de ensino secundario.
- Zeltia Labraña González, profesora de ensino secundario.

## 5. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibía o Curso, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

### Día 21.

Durante a inauguración do Curso, presidida polas autoridades municipais, púxose xa de manifesto a importancia do patrimonio lúdico galego, as iniciativas de recuperación e divulgación que se iniciaron na última década, e a necesidade de que a escola lle abra a porta como ferramenta didáctica de primeira magnitude.

A continuación desenvolveuse unha sesión de aprendizaxe práctica de xogos tradicionais na cal os asistentes tiveron a ocasión de practicar preto dunha vintena de xogos de diferente tipoloxía, ao tempo que ofrecían variantes por eles coñecidas dos xogos propostos. Tratouse dunha sesión especialmente rica na que o xogo, unha outra vez, serviu de vínculo de unión entre persoas de procedencias e intereses moi diversos.

De seguido, tivo lugar a conferencia inaugural, a cargo do profesor da USC Constantino Arce. A súa exposición xirou arredor da investigación por el mesmo dirixida tratando de *peitear* todo o territorio galego na procura das prácticas lúdicas tradicionais aínda vixentes. Foron os 315 concellos galegos os consultados e, unha vez realizado o tratamento de datos, constatouse a enorme riqueza do catálogo lúdico tradicional galego, e mesmo o seu grao de vixencia. É ben certo, así e todo, que existen moitos xogos que estiveron vivos ao longo dos tempos pero que corren xa serio risco de desaparición de non poñérense en marcha medidas de protección e espaxamento. Neste sentido, o estudo dirixido polo profesor Arce tiña por obxecto, precisamente, servir de base para a posta en marcha do *Plan estratéxico dos xogos populares e tradicionais galegos*, proxecto que se atopa en suspenso na actualidade.

Finalmente, tivo lugar a presentación do relatorio do investigador bergantiñán Apolinar Graña a propósito das prácticas lúdicas de Malpica de Bergantiños. Foi a súa exposición especialmente celebrada posto que, partindo da situación real na actualidade dos xogos nesta vila mariñeira, analizou os espazos de xogo, os medios dispoñibles para practicalos e mesmo concluíu na necesidade de considerar, á marxe do propio xogo tradicional, as manifestacións lúdicas que os nenos e nenas dos nosos días —tamén as persoas adultas— seguen creando e que, chegado o caso, poderán pasan formar parte do noso catálogo lúdico colectivo.

## Día 22.

A primeira parte da mañá estivo dedicada ao desenvolvemento simultáneo de tres obradoiros centrados respectivamente na arte, nas ciencias naturais e tecnoloxías, e na música. Tratouse esencialmente de tres obradoiros impartidos por persoal da AGXPT —con apoio externo nalgúns dos casos— cos cales se perseguía, desde unha perspectiva extrínseca, amosar o traballo de investigación desenvolvido pola Asociación ao longo dos últimos anos. Intrinsecamente, os obradoiros procuraban abrir vías de integración do patrimonio lúdico desde a perspectiva das didácticas específicas das materias referidas. Todo semella indicar que o desenvolvemento do traballo nestes tres grupos diferenciados foi globalmente satisfactorio.

Na última das actividades da mañá, tres representantes do Club de Loita Tradicional *A Cambadela* presentaron o proceso de recuperación deste deporte realizado polo club. O proceso perseguíu non só a recuperación, sen máis, da loita, senón que se levou a cabo un intenso e demorado traballo de campo que procurou chegar ás mesmas raíces do deporte, ao seu nacemento nun medio social, económico e cultural concreto, sendo xa que logo, unha manifestación cultural xenuína do noso pobo. Unha segunda parte desta intervención estivo dedicada á exposición do proxecto educativo que ten deseñado o club, nun intento de dotar de sentido educativo a recuperación da loita. Finalmente, fíxose unha valoración —en todo punto positiva— do traballo desenvolvido ata o momento, toda vez que a loita tradicional pode ser considerada hoxe un deporte máis, cun aumento progresivo no número de participantes.

No segundo bloque de actividades da xornada presentáronse ata catro experiencias de recuperación do xogo tradicional desde diferentes ámbitos. O primeiro deles, en concreto, foi presentado pola profesora Rosa M<sup>a</sup> Vicente e estivo centrado no proxecto desenvolvido polo CEIP *Barrié de la Maza*, de Santa Comba, onde se levou a cabo un demorado proceso de recuperación de xogos tradicionais que incluso viu a luz en formato de publicación. O segundo, presentado por Cédric Fabien Bouchard e referido á empresa *La casa de los juegos*, de Vila de Cruces, con importantes proxectos relacionados co patrimonio lúdico en marcha e cunha xa rica oferta de xoguetes á venda. A terceira das experiencias foi presentada por Belén Novo e estivo referida ao proxecto global de recuperación desenvolvido no CEIP *Pastor Barral* de Melide. Por último, Juan José García presentou a fase na que se atopa o proxecto de recuperación dos birlos de Caxide, en Parada do Sil, facendo incidencia no berce sociocultural que serve de base ao propio xogo.

Tivo lugar a continuación, e por estrita orde de rotación, a práctica por parte dos asistentes de ata catro modalidades de deportes tradicionais: Os birlos de lastra en liña, os birlos ao canteiro, os birlos de Caxide e a loita galega. Cada unha destas modalidades foi explicada e ensinada polos propios deportistas, procedentes, respectivamente, da Terra de Miranda, de Parada do Sil e da Estrada.

O Curso rematou cunha breve sesión de conclusións —a redacción definitiva foi elaborada despois en rede por parte dos asistentes— e cunha intervención final de Celso Fernández Sanmartín, quen procurou trazar os vínculos existentes entre o patrimonio lúdico tradicional e a arte da palabra.

Na sesión física de conclusións, e na posterior redacción das mesmas en rede, produciuse un intercambio de perspectivas entre os asistentes que deu como froito un documento que se reproduce a continuación:

*Ao longo das dúas xornadas de traballo compartidas, arredor de setenta e cinco persoas asistentes —entre relatores/as e participantes na actividade— ao III Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico: Xogo tradicional, deporte tradicional e educación, logo das sesións teóricas e prácticas das que este constaba, chegaron ás seguintes conclusións referidas ao estado actual do patrimonio lúdico galego:*

1. *Constátase a enorme riqueza do catálogo lúdico tradicional galego. Non se trata xa só de que existan unha infinidade de xogos tradicionais, vivos moitos deles desde a noite dos tempos, senón de que existen nese catálogo xogos apropiados para cada unha das etapas da vida do individuo, constituíndo os xogos tradicionais, xa que logo e no seu conxunto, unha manifestación cultural xenuína que non só cómpre conservar, senón tamén promover e poñer en valor.*
2. *Constátase, igualmente que algunhas desas prácticas lúdicas tradicionais corren serio risco de desaparición nos nosos días se é que non se deseñan e se poñen en marcha medidas de investigación, recuperación e divulgación das mesmas. Desde esta perspectiva, os asistentes non poden por menos que preguntarse pola razón que provoca na actualidade que o Plan Estratéxico dos Xogos e Deportes Populares e Tradicionais, bosquexado pola Administración galega no ano 2009, permaneza hoxe esquecido.*
3. *Desde esta mesma óptica, semella evidente para os asistentes que unha estratexia global de recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico tradicional debese partir de experiencias xa consolidadas como a da loita galega. En efecto, o proceso de recuperación desta modalidade deportiva, levada a cabo a partir do traballo rigoroso do Club de Loitas Tradicionais A Cambadela da Estrada, resulta exemplificador dun modelo que estudou as formas tradicionais da loita, primeiro, para convertela despois nunha práctica deportiva cun futuro esperanzador nos nosos días e para —nunha vertente que obviamente non debe ser esquecida en calquera proceso de recuperación— descubrir as súas posibilidades educativas no sistema educativo actual.*
4. *Outro tanto se podería dicir das modalidades de birlos que foron postas en común durante o Curso. O exemplo da Asociación Recreativa e Cultural dos Amigos/as de Santa Comba de Órrea, recuperando o xogo dos birlos en liña —con lastra— nunha comunidade rural pequena, vén demostrar que o xogo tradicional mesmo se pode converter nunha ferramenta —modesta, seguramente, pero non por iso desdeñable— de dinamización cultural e económica. Ao tempo, a posta en marcha de mecanismos de intercambio con outras modalidades do xogo existentes noutros lugares, provoca igualmente que a manifestación lúdica en cuestión se enriqueza por si mesma e adquira unha nova dimensión, máis alá do ámbito estritamente local. Debe ser amentado que durante o Curso esta mesma asociación ensinoulles aos asistentes a xogar tamén á modalidade de birlos ao canteiro —a pesar de nos ser a súa propia— feito este que por si só semella evidenciar esa nova dimensión da que falamos.*
5. *Un caso semellante é o representado pola modalidade de birlos xogada en Caxide — Parada do Sil. Durante a presentación realizada no Curso púxose en evidencia de que maneira as prácticas lúdicas tradicionais son produto dun medio, dunhas circunstancias de vida, dunha armazón cultural á fin que lles outorga todo o seu significado e a transcendencia como manifestacións culturais perdurables no tempo e mesmo como mecanismos de enculturación de enorme eficacia.*
6. *Os asistentes constataron, igualmente, como na actualidade moitos centros educativos están poñendo en marcha medidas de recuperación e posta en valor dos xogos populares e tradicionais galegos. Trátase de proxectos diversos, con obxectivos no tempo concibidos tamén de forma diversa, pero que parecen converxer na evidencia de que o patrimonio lúdico galego ten todo o seu sentido nos procesos educativos dos nosos días. Particularmente interesantes semellaron as estratexias —apenas bosquexadas durante o Curso— de reestruturación dos patios de xogo dos centros para buscar un oco neles para as prácticas lúdicas tradicionais.*
7. *Digna de ser saudada é tamén a aparición —aos poucos, pero semella que dun xeito constante— de empresas que focalizan a súa atención cara ao xogo tradicional. Se ben no Curso estivo presente só unha desas empresas, o certo é que nos últimos anos outras teñen visto a luz ao longo de todo o país, algunhas nadas exclusivamente centradas no patrimonio lúdico tradicional, e outras incluíndo este dentro dun abano de actividades e liñas de acción máis amplo.*

8. *Se ben é certo que as manifestación lúdicas tradicionais nos chegaron desde a noite dos tempos e constitúen un patrimonio digno de ser estudado, catalogado e posto en valor nos nosos días, é igualmente certo que o proceso de aparición de novas prácticas lúdicas non está nin moito menos clausurado. Foi sempre así historicamente —sempre foron creadas ou recreadas novas manifestacións lúdicas— e non existe razón para que así non siga sendo a pesar da sedentarización das camadas novas da poboación e a pesar da aparición e popularización dos enredos modernos creados á luz das novas tecnoloxías. Desde esta óptica cobra sentido a utilización do cualificativo popular —a carón, se se quixer, en moitos casos, de tradicional— porque esas novas prácticas non só deben ser respectadas, senón promocionadas tamén como creacións culturais xenuínas. Independentemente de que a súa supervivencia no tempo só o tempo poida probala, é ben certo que debe procurarse fornecer os medios —os espazos públicos de xogo talvez sexan o máis importante destes medios necesarios— para que a aparición deses novos xogos poida ter lugar.*
9. *Sendo moderadamente optimistas os logros acadados polo movemento de recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico galego ao longo dos últimos anos, é tamén certo que se precisa dunha perseveranza nos procesos iniciados, unha perseveranza que resulta difícil de manter nas circunstancias —económicas, pero non só— actuais. Desde esta óptica, os asistentes fan unha chamada a todas as persoas e entidades —tamén á Administración galega, naturalmente— con relación co xogo tradicional, para conseguir a consolidación das liñas de traballo abertas na actualidade e para iniciar outras novas que procuren a plena recuperación dos xogos e deportes, tradicionais e populares, galegos.*
10. *Finalmente, os asistentes ao III Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico, saúdan a convocatoria —realizada por Brinquedia, Rede Galega do Xogo Tradicional— do VII Día do Peón en todos os centros educativos galegos para o día 11 de novembro próximo. Saúdan igualmente a próxima inauguración do Museo Etno-Lúdico de Ponteceso, promovido polo profesor Ricardo Pérez i Verdes. E saúdan, finalmente, a sucesión nos próximos tempos das seguintes novidades editoriais:*
  - *A publicación dun número especial da Revista Galega de Educación dedicada ao xoguete tradicional, baixo a coordinación dos especialistas Xosé López e Xosé Manuel García, que será publicada no mes de decembro.*
  - *A publicación nos primeiros meses de 2012 da monumental obra de Antón Cortizas titulada Tastarabás, Enciclopedia dos Xoguetes Populares, que reunirá preto de 1000 brinquedos, nunha edición presumiblemente en tres tomos a cargo de Edicións Xerais de Galicia.*
  - *A publicación inmediata de varias pezas teatrais de Carlos Labraña dirixidas ao público infantil e centradas nos xoguetes tradicionais. Baixo o título Teatro de xoguete e a cargo de Edicións Embora, as pezas incluídas no volume mereceron o VI Premio Estornela de Teatro para Nenos e Nenas convocado pola Fundación Xosé Neira Vilas.*

## 6. Valoración global da actividade.

Os participantes no Curso cumprimentaron un cuestionario de avaliación a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Curso destas características?

Si – 100 %

Non – 0 %

2. En conxunto, o Curso respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nelas?

Moito – 55,5 %

O agardado – 44,5 %

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades, en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

Moi boa – 33,3 %

Boa – 66,7 %

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Curso considérala:

Moi boa – 37 %

Boa – 53 %

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:

- Aprendizaxe e práctica de xogos: 4,6 ptos.
- Conferencia inaugural (Constantino Arce): 3,6 ptos.
- Os xogos de Malpica (Apolinar Graña): 4,1 ptos.
- Obradoiro Artes: 4,4 ptos.
- Obradoiro Tecnoloxías e Natureza: 4,5 ptos.
- Obradoiro Música: 4,7 ptos.
- Conferencia sobre a recuperación da loita (A Cambadela): 4,1 ptos.
- Mesa redonda sobre experiencias: 4,4 ptos.
- Práctica de Deportes: A loita – 4,5 ptos.
- Práctica de Deportes: Os birlos de lastra e ao canteiro – 4,6 ptos.
- Práctica de Deportes: Os birlos de Parada do Sil – 4,6 ptos.
- Intervención final (Celso Sanmartín) – 4,7 ptos.

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Curso:

Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.

7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Curso:

Maioritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo. Algunhas persoas manifestaron que o tempo foi escaso para desenvolver tantas actividades diferentes.

8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Curso é:

- Moi boa – 42,3 %

- Boa – 57,7 %

9. As datas de celebración do Curso parécenche:

Moi ben – 38,4 %

Ben – 61,6 %

10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Curso?

Moi boa – 34 %

Boa – 50 %

Regular – 16 %

11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, paréceche:

Moi ben – 27 %

Ben – 61,5 %

Regular – 11,5 %

12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Curso?

Moi boa – 53,8 %

Boa – 46,2 %

13. A túa opinión sobre a organización xeral do Curso é:

Moi boa – 73 %

Boa – 27 %

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Incídese en diferentes matices xa recollidos no documento de conclusións.

Desde a perspectiva do colectivo organizador, o Curso cumpriu razoablemente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu afondar no proceso de divulgación do patrimonio lúdico galego. Por outra, contribuíu á consolidación de liñas de reflexión sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o xogo tradicional. Finalmente, a oportunidade de achegamento das modalidades deportivas presentes no Curso ao mundo da educación, enténdese como moi interesante de cara a futuras accións de posta en valor do patrimonio lúdico galego.

Melide, 22 de outubro de 2011